

SESIÓN ORDINARIA DE 26 DE DECEMBRO DE 2.014

Na Casa Consistorial de Outeiro de Rei, sendo as trece horas e vinte minutos do día 26 de decembro de dous mil catorce, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Pardo Lombao, e asistencia do Secretario, D. José María Vázquez Pita, reuníronse os Srs. Concelleiros D. José Yebra Amorín, D^a Pilar Méndez Lombao, D. Antonio López Pérez D. Jesús Fernández García, Dona María José Martínez Vigo, D. Miguel Ángel López Varela, D. José Manuel Carral Méndez e D. Arcadio Lombao Román,, co obxecto de celebrar a presente sesión ordinaria.

A concelleira D^a Tania Díaz Seijas incorpórase durante o debate do punto quinto da orde do día.

Non asiste a concelleira Dona María Begoña Seco Varela.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse ao exame dos asuntos comprendidos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS CELEBRADAS OS DÍA 27 DE XUÑO E 24 DE OUTUBRO DE 2014

Ponse de manifesto aos membros da Corporación a acta da sesión plenaria celebrada o día 27 de xuño e 24 de outubro de 2014.

Non xurdindo debate, sométese votación a aprobación das citadas actas. Realizada a votación, quedan aprobadas pola unanimidade dos membros presentes da corporación.

2- RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS E DEREITOS

O Alcalde propón aprobar a seguinte modificación do inventario municipal de bens e dereitos:

PORCIÓN VIAL Nº 161

CABOI

NOME: PORCIÓN VIAL EN O MATO – CABOI.

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: CABOI

Núcleo/lugar: O MATO

Lindeiros: Norte e Oeste coa finca matriz; Sur, coa parcela 390 de Ramón Pernas Crespo e Este, coa parcela 391 de Pilar Barreiro Rodríguez.

SUPERFICIE: 12.82 m²

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data de 4 de setembro de 2014.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: non consta

PORCIÓN VIAL Nº 162

SAN FELIX DE PAZ

NOME: PORCIÓN VIAL EN PENA DA HEDRA– SAN FELIX DE PAZ.

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: SAN FELIX DE PAZ

Núcleo/lugar: PENA DA HEDRA

Lindeiros: Norte, camiño; Sur coa finca matriz; Este, coa parcela 229 e Oeste, parcela 233.

SUPERFICIE: 359 m²

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 17 de novembro de 2014.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: non consta

PORCIÓN VIAL Nº 163

SAN FELIX DE PAZ

NOME: PORCIÓN VIAL EN PENA DA HEDRA– SAN FELIX DE PAZ.

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: SAN FELIX DE PAZ

Núcleo/lugar: PENA DA HEDRA

Lindeiros: Norte, finca matriz; Sur co camiño; Este, parcela 229 e Oeste, parcela 180.

SUPERFICIE: 150 m²

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 17 de novembro de 2014.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: non consta

PORCIÓN VIAL Nº 164

CABOI

NOME: PORCIÓN VIAL EN FONTELA – CABOI.

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: CABOI

Núcleo/lugar: FONTELA

Lindeiros: Ao norte con camiño; Sur, coa finca matríz Este, parcela 284 do polígono 27 ou monte comunal de Caboi (San Martiño), parcela 281 do polígono 27 de José Manuel Núñez Losada e ao Oeste María Pilar Losada e Marcos Varela.

SUPERFICIE: 69,45 m²

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 19 de novembro de 2014.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: non consta.

Procede da segregación da parcela resultante da agrupación das parcelas 285, 286, 287, 288, 289 y 290 do polígono 27.

PORCIÓN VIAL Nº 165

SOBRADA

NOME: PORCIÓN VIAL EN SOBRADA

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: SOBRADA

Núcleo/lugar: SOBRADA

Lindeiros: A presente cesión urbanística é perimetral á parcela 6 do polígono 104, no seus lindes este, oeste e norte cos viais públicos, de xeito que a porción de vial linda cos viais públicos municipais e coa citada parcela 6, salvo nos seus extremos sur, que linda coa parcela 244.

SUPERFICIE: 286,5 m² (parcela dez), 294,15 m² (parcela once) e 535,32 m², (parcela doce), sumando un total de 1.115,97 m².

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística de dona Carmen Sánchez González formalizada mediante escritura autorizada pola notaria dona Marta Abelaira Fernández con data de 20 de novembro de 2014 (núm. novecentos treinta e oito).

Aceptación de Alcaldía de data de 27 de novembro de 2014.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: non consta.

Procede da segregación da parcela 6 do polígono 104.

VIAL Nº 50

CAMIÑO EN FRANCOS

NOME:

Entramado de camino en Francos

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Consiste nun entramado viario, coincidente coa parcela catastral 9009 do polígono 30, e que se atopa ao leste da estrada municipal que discurre, de norte a sur, pola parroquia de Francos.

DESCRIPCIÓN:

Entramado viario (camiños públicos de uso maioritariamente agrogandeiro), cunha anchura variable (media de 3ml.), e unha superficie catastrada de 6.065m².

Atópase íntegramente no polígono 30.

REF. CATASTRAL: Parcela 9009 do polígono 30.

CARACTERÍSTICAS DO VIAL: Pavimentado

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: posesión inmemorial

VIAL Nº 51

CAMIÑO EN CANDAI

NOME:

Camino de Candai a Santo Tomé

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Candai

DESCRIPCIÓN:

Camiño cunha anchura media de 3,5 ml., e unha superficie catatral de 1619 m² (pol. 37, parcela 9005), e 7453 m² (pol 35, par. 9015).

O seu inicio atópase no barrio de Candai, na intersección coa estrada a Peneiro (pol. 38, par. 9017), e discurre carón o noroeste até a confluencia co camiño de Santo Tomé a Francos (pol. 35, par. 9003).

REF. CATASTRAL: Polígono 37, parcela 9005 e Pol. 35, parc. 9015.

CARACTERÍSTICAS DO VIAL: Pavimentado en riego asfáltico

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Posesión inmemorial

VIAL N° 52

CAMIÑO EN OUTEIRO DE REI

NOME:

Tramo de camiño en Outeiro (Monte).

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Outeiro de Rei

DESCRIPCIÓN:

Tramo de camiño duns 222 ml., pertencente ao entramado catastral de camiños pol. 24, parc. 9009. Discurre, dende a estrada autonómica LU115, Outeiro-Castro, até a intersección co tramo de camiño que vai dende a N-VI ao polígono empresarial.

REF. CATASTRAL: Forma parte da parcela 9009 do Polígono 24.

CARACTERÍSTICAS DO VIAL: Pavimentado en riego asfáltico

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Posesión inmemorial

VIAL N° 53

ESTRADA A SOBRADA

NOME: Estrada a Sobrada.

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Outeiro de Rei

DESCRIPCIÓN:

Estrada asfaltada, determinada pola agrupación de tramos de diferentes camiños catastrais, e que tería o seu inicio no camiño pol 103, parc. 9001 (intersección con estrada a Arcos), continuando polo tramo do camiño catastral pol 103, parc. 9006, até a intersección existente á altura da parcela 107 de dito polígono, intersección na que viraría ao leste, polo linde sur da parcela 211; continuando cara o sur polo camiño catastral pol 104. Parc. 9010, ata chegar á intersección co camiño catastral pol. 104, parc. 9004, e seguindo por este tramo até á intersección coa estrada LU-115, Outeiro-Castro de Rei.

REF. CATASTRAL: Tramos das parcelas 103/9001; 103/9006; 104/9010 e 104/9004.

CARACTERÍSTICAS DO VIAL: Pavimentado en riego asfáltico

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Posesión inmemorial

VIAL Nº 54

SILVARREI

NOME:

Acceso a Abeladoira

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia de Silvarrei.

DESCRIPCIÓN:

Estrada asfaltada, con inicio en Leira Longa, na intersección co camiño catastral pol. 114 parc. 9011, e fin no termo municipal de Castro de Rei, cunha lonxitude aproximada de 1980 ml, e unha superficie catastral de 8.193 m2.

REF. CATASTRAL: Polígono 114, parcela 9010.

CARACTERÍSTICAS DO VIAL: Pavimentado en riego asfáltico

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Posesión inmemorial

VIAL N° 55

SILVARREI

NOME:

Camiño Mosteiro-Silvarrei

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescrición: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia de Silvarrei.

DESCRIPCIÓN:

Estrada asfaltada, con inicio na estrada de Bonxe, discorrendo polo camiño catastral pol 82, parc. 9013 ata o cruce soterrado da A-VI (4.364 m2); e continuando polo camiño catastral pol. 82, parc. 9003 (5.984,5 m2) ata a liña de ff.cc.,

Este camiño ten coma variante o camiño catastral pol. 80, parc. 9002 (1.329 m2), virando ao norte polo tramo do camiño catatral pol 80, par. 9001, até conectar, de novo, co 9013.

REF. CATASTRAL: Polígono82, parc. 9013; pol 82, parc. 9003; pol 80, parc. 9001.

CARACTERÍSTICAS DO VIAL: Pavimentado en riego asfáltico

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Posesión inmemorial

VIAL Nº 56

GUILLAR

NOME:

Camiño de Guillar a estrada do Piago

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia de Guillar

DESCRIPCIÓN:

Estrada asfaltada, coincidente coa parcela catastral 68, parcela 9008, cunha superficie de 2.506 m², e conecta a estrada provincial (Sur), coa estrada municipal de Matela a Brandián (Norte).

REF. CATASTRAL: Polígono 68, parcela 9008

CARACTERÍSTICAS DO VIAL: Pavimentado en riego asfáltico

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Posesión inmemorial

VIAL Nº 57

SANTA MARIÑA

NOME:

Camiño de Pascual

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia de Santa Mariña

DESCRIPCIÓN:

Camiño asfaltado, de superficie de 1.450,57 m², linda: Norte, parcelas 167, 168, 169 e 170 de TEGASTICIN, S.L.; Sur, camiño e parcelas 166 e 165; Este, parcela 171 e Oeste, camiño.

REF. CATASTRAL: Polígono

CARACTERÍSTICAS DO VIAL: Pavimentado en riego asfáltico

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Permuta formalizada en escritura pública o día 13 de marzo de 2014, ante a notaria Monserrat Trigo Mayor, núm. De protocolo douscentos noventa e oito.

Vid. acordo plenario de desafectación e simultanea afectación de 24 de abril de 2003.

VIAL Nº 58

GUILLAR

NOME:

Camiño de Cupeiro á N-VI

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia de Guillar

DESCRIPCIÓN:

Estrada asfaltada, coincidente cun tramo do entramado viario catastrado como pol. 67, parcela 9007, de xeito que conectaría, polo sur, coa estrada municipal de San Martín á fábrica, (pol. 71, parc. 9008), até a ramificación

que existe no linde da parcela 11 do mesmo polígono, virando ao leste e desembocando na estrada Nacional VI.

REF. CATASTRAL: Polígono 68, parcela 9008

CARACTERÍSTICAS DO VIAL: Pavimentado en riego asfáltico

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Posesión inmemorial

VIAL N° 59

FRANCOS

NOME:

Camiño de O Cantón a Francos

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia de Francos

DESCRIPCIÓN:

Estrada asfaltada, coincidente coa parcela catastral pol. 73, parcela 9009 e cun tramo do pol. 75, parce. 9020. Este último tramo coincidiría coa continuación do pol. 73, parcela 9009, discurriendo cara o sur até chegar ao núcleo de Francos, intersección co camiño municipal pol. 75, parcela 9005.

REF. CATASTRAL: Polígono 73, parcela 9009 e pol. 75, parc. 9020.

CARACTERÍSTICAS DO VIAL: Pavimentado en riego asfáltico

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Posesión inmemorial

ANULACIÓN DE ASIENTO: RÚSTICA N° 15

PORCIÓN DE CAMIÑO DESAFECTADO EN SANTA MARÍA

En tanto la porción desafectada fué permutada a TEGASTICIN, S.L., UNIPERSONAL, por los terrenos del actual camino público, mediante escritura pública otorgada el día 13 de marzo de 2014 por la Notaria Monserrat Trigo Mayor. Núm. Protocolo doscientos noventa y ocho.

Non xurdindo debate, sométese a votación a proposta de rectificación do inventario municipal de bens e dereitos.

O voceiro do Grupo Municipal do PSdG-PSOE, pregunta acerca das estradas que se propoñen inventariar, e se actualmente existen ou se vai realizar algunha actuación nela.

O Alcalde resposta que se trata de camiños existentes, algún dos cales se van a mellorar próximamente.

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

3.- APROBACIÓN DEFINITIVA DA ALTERACIÓN DE CALIFICACIÓN XURÍDICA DE TRAMO DE CAMIÑO EN SOBRADA

Ponse de manifesto a seguinte proposta de resolución formulada polo sr. Alcalde:

“Mediante escrito de rexistro de entrada de data de 11 de setembro de 2014, dona Teresa Ferreiro Blanco, solicita o Concello de Outeiro de Rei a permuta do tramo de camiño público non catastrado de 85 m², que discurriría dende o camiño público 9004 do polígono 104, a través das parcelas 185 e 20 e entre as parcelas 19 e 21 ata volver a conectar co citado camiño 9004 do polígono 104 deste termo municipal.

A razón desta pretensión é a de regularizar a configuración da parcela do solicitante, de xeito que coincida coa descrición catastral e co título de propiedade da parcela.

Dende o punto de vista do interese público, a conveniencia da desafectación e posterior permuta deféndese dende a conveniencia da redución da fragmentación da propiedade privada, que redundará nun incremento da produtividade, así coma na mellora do trazado do vial, que deste xeito elimina unha curva no trazado e reduce a distancia para a conexión do camiño 9004.

A solución proposta sería a de cambiar o trazado actual do camiño no tramo descrito, de xeito que dito tramo discorrería entre a actual parcela 185 e a parcela 20 do polígono 104.

Por todo iso, e unha vez rematado o prazo de información pública (BOP, núm. 220, mércores, 24 de setembro de 2014), sen que se presentare alegación algunha, propoño al Pleno da Corporación, aprobar definitivamente o expediente de alteración da calificación xurídica do tramo de camiño público non catastrado que discurriría dende o camiño público 9004 do polígono 104, a través das parcelas 185 e 20 e entre as parcelas 19 e 21 ata volver a conectar co citado camiño 9004 do polígono 104 deste termo

municipal, así como da simultánea afectación dun tramo de camiño de 90 m2, que discurriría entre as parcelas 185 e 20, enlazando co camiño 9004 nos dous extremos”.

O debate xira en torno a unha serie de preguntas dos voceiros do PSdG-PSOE e máis do BNG acerca da tramitación administrativa do expediente.

O Alcalde resposta que ao expediente que agora se trae a aprobación precedeu un expediente de investigación que determinou a existencia do camiño, xa que dita existencia foi inicialmente negada polo propietario que solicita a modificación do tramo de camiño.

Unha vez determinada a existencia do camiño, a petición do propietario polo que discorre iníciase este expediente de modificación do trazado, que foi publicado no BOP e notificado aos propietarios afectados sen que ninguén se opuxese. Por outra banda, o trazado proposto mellora o actual, non existindo perxuízo ao interese xeral.

Engade que o equipo de Goberno ten un criterio claro que segue en todos os expedientes de alteración de trazado de camiño a instancias dun particular. Este criterio parte da situación de que a modificación solicitada mellore a configuración da propiedade dos solicitantes sen perxudicar a terceiros e sempre que o interese xeral se vexa salvaguardado. O novo trazado nunca pode empeorar o existente.

Rematado o debate, sométese a votación a a proposta de resolución.

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

4.- APROBACIÓN PROVISIONAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENCIAS URBANÍSTICAS DE ACTIVIDADE, DE PRIMEIRA UTILIZACIÓN E DE REALIZACIÓN DE ACTUACIÓNS ADMINISTRATIVAS DE CONTROL

Ponse de manifesto a seguinte proposta de resolución:

“PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DE ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICION DE LICENZAS URBANÍSTICAS DE ACTIVIDADE, DE PRIMEIRA UTILIZACIÓN E DE REALIZACIÓN DAS ACTUACIÓNS ADMINISTRATIVAS DE CONTROL

José Pardo Lombao, Alcalde do Concello de Outeiro de Rei, no exercicio das competencias que me atribúe o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, expoño:

Na sesión plenaria de 29 de xuño de 2012, aprobouse provisionalmente o texto ata a data vixente da ordenanza reguladora da taxa pola expedición de licencias urbanísticas de actividade, de apertura, de primeira utilización e de realización das actuacións administrativas de control.

O día 27 de decembro de 2013, publicouse no DOG, o *LEI 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia*.

De acordo co artigo 23 desta Lei 9/2013, *no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia suprímese con carácter xeral a necesidade de obtención de licenza municipal de actividade, apertura ou funcionamento para a instalación, implantación ou exercicio de calquera actividade económica, empresarial, profesional, industrial ou comercial.*

Asemade, no artigo 24, contempla, entre a documentación a xuntar coa comunicación previa, o xustificante de pago dos tributos municipais.

A aplicación deste artigo 24 esixe o establecemento do sistema de autoliquidación, de xeito que o promotor da actividade, coa base dos formularios municipais, poida cuantificar e pagar a taxa simultaneamente á presentación da comunicación previa, eliminando deste xeito a ulterior actividade municipal de liquidación e notificación, logrando un incremento da eficacia administrativa.

En base a isto, propónse modificar o artigo 7 da ordenanza “xestión tributaria”, establecendo o sistema de autoliquidación, así como o restante articulado da ordenanza co gallo de adecuala á nova terminoloxía implantada pola Ley 9/2013, de xeito que a ordenanza quedaría redactada como segue:

ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICION DE LICENZAS URBANÍSTICAS DE ACTIVIDADE, DE APERTURA, DE PRIMEIRA UTILIZACIÓN E DE REALIZACIÓN DAS ACTUACIÓNS ADMINISTRATIVAS DE CONTROL

Artigo 1. Fundamento legal. Ao amparo do previsto nos artigos 57 e 20.4 h) e i) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das Facendas Locais, e de conformidade co disposto nos seus artigos 15 a 17, este Concello establece a taxa pola actividade de expedición de licenzas urbanísticas de actividade, de primeira utilización e pola realización de actuacións administrativas de control, que se rexirá pola presente Ordenanza.

Artigo 2. Feito imponible.

Constitúe o feito imponible da taxa a prestación dos servizos técnicos e administrativos necesarios para o otorgamento das licenzas de establecementos públicos, espectáculos públicos ou actividades recreativas, así coma o estudo e actuacións administrativas de control das actividades obxecto de comunicación previa ou declaración responsable.

Tamén constitúe o feito imponible da taxa a actuación administrativa de verificación de que as obras executadas se axustan á licenza de edificación concedida.

Artigo 3. Devengo da taxa

A Obrigación de contribuir nace coa solicitude da licenza ou coa presentación da declaración responsable ou comunicación previa.

Artigo 4. Obrigados tributarios.

-Están obrigados ó pago da taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas e as Entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que soliten a expedición da licenza de apertura ou primeira ocupación ou en cuxo nome se presente a declaración responsable ou comunicación previa. No suposto de que a edificación ou intalación sobor o que recae o acto de intervención administrativa estivera suxeito a algún réxime de propiedade horizontal, terá a condición de contribuínte a Xunta de propietarios.

-Serán sustitutos do contribuínte os constructores ou contratistas das obras ou actividades.

-No suposto de que a edificación ou intalación sobor o que recae o acto de intervención administrativa estivera suxeito a algún réxime de propiedade horizontal, terán a condición de responsables tributarios solidarios os propietarios dos elementos privativos do inmovible, que responderán da débeda tributaria en proporción á súa cuota de participación nos elementos comúns.

Artigo 5.- Base imponible.

Tomarase como base imponible da taxa o custo real ou previsible da actividade de control ou de expedición da licenza solicitada.

Artigo 6.- Cuota tributaria.

6.1- A cota tributaria determinarase por aplicación dos seguintes módulos de superficie:

Edificacións e instalacións de ata 500 m²: 150 euros.

Edificacións e instalacións de ata 1000 m²: 200 euros.

Edificacións e instalacións de ata 2000 m²: 250 euros.

Edificacións e instalacións de máis de 2000 m²: 300 euros de cuota fixa, que se incrementará a razón de 100 euros por cada 1000m² ou fracción a partires dos 2000m².

Explotacións agrarias extensivas: cuota fixa de 150 euros.

6.2- Bonificacións.

Os actos de edificación ou uso do solo que teñan por obxeto a supresión de barreiras arquitectónicas para persoas con mobilidade reducida en un porcentaxe igual ou superior ao 50%, disfrutará dunha bonificación do 50% sobor a cuota tributaria.

Os actos de edificación ou uso do solo que teñan por obxeto a rehabilitación de edificacións tradicionais ou catalogadas disfrutará dunha bonificación do 50% sobor a cuota tributaria.

Os actos e edificación ou uso do solo que teñan por obxeto a adaptación das construcións ou instalacións preexistentes ao ambiente disfrutará dunha bonificación do 50% sobor a cuota tributaria.

Os actos de edificación ou uso do solo que teñan por obxecto a modificación das condicións de prestación de actividades co obxecto de diminuír o seu impacto ambiental, disfrutarán dunha bonificación do 50% sobor a cuota tributaria.

No suposto de que as actuacións bonificadas unicamente representen unha porcentaxe do orzamento do proxecto autorizado, a bonificación aplicarase sobor a contía resultante de aplicar sobor a cuota tributaria, a porcentaxe que representan as actuacións bonificadas sobor o proxecto autorizado.

Artigo 7.- Xestión tributaria.

Os suxeitos obrigados ao pago deberán presentar a correspondente autoliquidación tributaria da taxa e acreditar o pago efectivo da cuota resultante da mesma con carácter previo ou simultáneo á presentación da solicitude de licencia ou da comunicación previa ou declaración responsable.

Disposición Final:

A presente Ordenanza entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e continuará en vigor ata que o Concello Pleno acorde a súa modificación ou derogación.

En Outeiro de Rei, a 19 de decembro de 2014”

O Alcalde explica que a presente modificación non implica unha modificación das cuotas tributarias, senón que ten por obxecto estabrecer o sistema de autoliquidación, co gallo de axilizar a tramitación administrativa, e adecuar o texto regulamentario á nova lexislación galega polo que se xeneraliza a comunicación previa.

O voceiro do grupo municipal do PSdG-PSOE, anuncia que o seu grupo se absterá, xa que se ben non se opón á actualización normativa, non pode respaldar a aprobación da ordenanza xa que mantén unha tributación inadecuada, xa que prevé unha couta fixa de 150 euros cando a anterior –máis xusta- preveía a taxa en función do valor da vivenda.

O voceiro do grupo municipal do BNG pronúnciase no mesmo sentido e anuncia, asemade, a súa abstención.

O Alcalde considera que a progresividade xa se garante co ICIO, que é unha porcentaxe do orzamento da obra. A taxa ten coma único obxecto cubrir o custe da actuación administrativa de verificación de que o construído se axusta ao permitido.

Por outra banda, con esta modificación se pretende axilizar ao máximo a actuación administrativa, de xeito que os prazos de inicio dependerán exclusivamente do cidadán: aos quince días de presentar a documentación xa poden començar as obras salvo que reciban un requirimento expreso do concello.

Unha vez rematado o debate, sométese a votación a proposta transcrita.

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada con seis votos a favor, pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do PP, e tres abstencións, correspondentes aos concelleiros dos grupos municipais do PSdG-PSOE e máis do BNG.

5.- MOCIÓN DO PSG-PSOE CO NÚMERO DE REXISTRO DE ENTRADA 4280

Iníciase o debate da moción presentada polo voceiro do grupo municipal do PSdG-PSOE, con número de rexistro de entrada 4280 e do seguinte teor literal:

“MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISA DO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI SOBRE VIOLENCIA DE XÉNERO. De acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Grupo Municipal Socialista do Concello de OUTEIRO DE REI desexa someter á consideración do Pleno Municipal a seguinte MOCIÓN coa seguinte:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A violencia de xénero constitúe un auténtico problema de Estado. E os datos constatan esta afirmación, xa que nos primeitos oito meses do ano, foron 40 as mulleres asasinadas a mans das súas parellas ou ex parellas, admais de dous menores. En Galicia, os datos tamén son alarmantes, con 6 mulleres asasinadas nos primeiros oito meses do ano.

Hai que destacar, igualmente, que das 40 mulleres asasinadas, un total de 29 non tiñan presentado denuncia previa, o que se traduce nunha porcentaxe de máis do 72%.

Dentro deste escenario, hai que destacar o acontecido no mes de agosto, que foi o peor en cinco anos en número de vítimas, con 8 mulleres asasinadas polas súas parellas ou ex parellas. En Galicia, unha muller foi vítima da violencia machista en Barro (Pontevedra) e dúas foron noticia por ser agredidas polas súas parellas, unha en Abegondo e outra en Chantada.

Ante esta alarmante realidade, o Goberno do PP na Xunta de Galicia, en consonancia co Goberno Central, segue a recotar as partidas en materia de igualdade. Así, a Secretaría Xeral de Igualdade. Así, a Secretaría Xeral de Igualdade pasou de dispor de 60 millóns de 2009 aos 12,3 deste 2014. Así mesmo, destaca a redución do 55% do orzamento dirixido aos Concellos para programas de prevención da violencia e promoción da igualdade ou a eliminación dunha partida de 200.000 euros para prevención de violencia no eido da Universidade.

E se iso xa non fora suficiente, o Partido Popular impulsou unha Reforma Local, que suporá un pau sen precedentes na aplicación da Lei Integral contra a violencia de xénero, xa que se traducirá na usurpación aos Concellos das competencias en igualdade e polo tanto, desaparecerán puntos de información, pisos de acollida, programas de axuda, etc. No caso de Galicia, esta Lei terá unha especial incidencia dado o elevado número de concellos de mediano e pequeno tamaño.

Non hai que esquecer tampouco que a LOMCE pon fin a unha materia clave na igualdade e, polo tanto, na educación e prevención da violencia de xénero: Educación para a Cidadanía. Esta decisión contrasta cos datos que apuntan a un reponte do machismo e violencia entre os mozos, con especial utilización para a violencia verbal e ameazas das novas tecnoloxías.

O día 25 de novembro, Día conta a Violencia de Xénero, alzamos a nosa voz para dicir que, ante todo tipo de violencia, debemos ter TOLERANCIA CERO. Pero non debemos esquecer que esta reivindicación debe ser unha constante os 365 días do ano, xa que a violencia contra as mulleres é unha dura e grave realidade cotiá así como unha lacra para unha sociedade que se di avanzada e democrática.

Este ano, ademáis, cúmprese o décimo aniversario da aprobación dunha Lei fundamental: a Lei Integral contra a Violencia de Xénero, unha norma impulsada polo Partido Socialista. Despois dunha década, é o tempo de facer análise e atender as novas demandas, realidades e situación da sociedade, pero tamén o momento de subliñar que esta lei, fundamental e determinante na loita contra a violencia machista, non está sendo desenvolvida polos Gobernos do PP.

Ante esta grave situación, o Grupo Municipal Socialista do Concello de OUTEIRO DE REI Presenta ó Pleno a seguinte PROPOSTA DE ACORDOS:

Primeiro.- Esixir aos Gobernos Central e Autonómico do Partido Popular que repoña as partidas recortadas ata o momento, porque esta é a única forma coa que poderemos iniciar a aplicación a desenvolvemento de Lei Orgánica contra a Violencia de Xénero de 2004 e a Lei galega 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

Segundo.-Reclamar ao Goberno Central do PP que promova un PACTO POLITICO E SOCIAL para abordar a violencia de xénero, coa participación de todos os axentes implicados neste auténtico problema de estado.

Terceiro.-Pedir ao Goberno do PP que retire a LOMCE e, polo tanto recupere a materia de Educación para a Cidadanía, e que retire as subvención aos centros de ensino que segregan por sexo. A educación é fundamental para a prevención da violencia de xénero e as administracións deben garantir o desenvolvemento de programas educativos dirixidos a acadar a igualdade e rachar coa violencia machista

Cuatro.- Instar aos diferentes Gobernos do PP a sumir unha serie de demandas, como a unificación dos casos de violencia de xénero de todos os servizos do Sistema de

Seguimento Integral, incluír aos orfos de violencia nos programas de axudas, ou garantir a atención psicolóxica precoz para todas as vítimas, entre outras demandas das asociación de mulleres,

Quinto.- Esixir a inmediata retirada de Reforma Local, que suporá un pau sen precedentes na loita contra a violencia de xénero, ao acabar cos servizos sociais dos Concellos, primeira institución de atención protección ás vítimas.

En Outeiro de Rei a 16 de decembro de 2014 “

Rematada a defensa da moción, toma a palabra o voceiro do BNG, quen considera que a violencia de xénero e o machismo é un tema cultural, de educación. Pero a educación sufriu recortes nos últimos tempos. E non só iso, senón que se están a manter dende a Administración concertos educativos con escolas con educación diferenciada por sexos, o que é un paso atrás na educación aos cativos na igualdade de xénero.

O voceiro do PP afirma que o seu partido ten coma obxectivo prioritario a loita contra a violencia de xénero. E tamén afirma que neste eido sufríuse, coma nos demás, recortes orzamentarios, pero asegura que debemos preguntarnos porqué se tiveron que facer estos recortes orzamentarios.

Engade que coa calamitosa xestión económica do goberno anterior multiplicouse o déficit público e a débeda pública, e agora esta débeda hai que pagala. E soamente existen dúas vías para pagar a débeda: ou gastar menos, ou que os cidadáns paguen máis impostos. Considera que os cidadáns xa pagan impostos de máis, polo que a única solución para saír da situación na que nos deixou o goberno socialista é gastar menos.

Isto trae coma consecuencia a diminución das transferencias correntes das outras Administracións aos concellos e a merma dos orzamentos propios. Esta é a consecuencia dun goberno socialista que nos empobreceu brutalmente.

Pero a violencia de xénero non se produce polos recortes orzamentarios, senón cultural e educativo, e tamén un tema de valores, que se perderon nos últimos anos, tal vez polo sistema educativo que sufrimos.

Engade que non están de acordo coa segregación nas escolas nin en ningún outro sitio. Pero esta non é a causa, xa que a separación por sexos nas escolas antes estaba moito máis xeneralizada e, nembargantes, non existía tanta violencia de xénero.

A solución pasa por un abanico de solucións, que téñense que despregar na educación, na cultura e nos valores.

Este concello está a facer todo o que pode en materia de violencia de xénero, e de feito, nos próximos meses creará unha mesa contra a violencia de xénero, na que esperan que estean todas as institucións afectadas, tanto do concello coma de fora, para afondar nas medidas que eviten esta lacra.

Pero non comparte o que afirma o PSOE de que a violencia de xénero é un tema económico das Administracións. Non sabe se a situación económica das familiar inflúe, xa que a violencia existe en tódalas capas sociais, pero o que está seguro é que se trata dun tema de valores, e cultura e de educación.

O voceiro do PSdG-PSOE considera que cantos máis medios maior prevención, xa que os puntos de información, os pisos de acollida ou os programas de axuda custan cartos.

Por iso o PSOE plantexou no Parlamento varias alternativas orzamentarias, propondo reducir certas partidas co gallo de aforrar e invertir en prevención de violencia de xénero. Polo tanto, non é tanto gastar máis coma ónde se gasta.

Antigamente, cando estaba máis xeneralizada a educación diferenciada, tal vez a violencia de xénero non era tan visible, xa que non existía a facilidade que existe actualmente para denunciar.

E o actual plan de estudos non axuda, xa que se eliminou educación para a cidadanía que era fundamental neste eido.

O voceiro do BNG, considera que a xente non nace máis o menos violentas, senón que se fai posteriormente coa educación e o entorno. E recorda que antes unha muller maltratada non tiña alternativas. Non tiña ónde ir. Agora isto cambiou e moitas perderon o medo e denuncian. Pero isto non significa que antigamente non houbera menos violencia de xénero.

E remata que se trata dunha prioridade no gasto, xa que moitos ministerios gastan cantidades inxentes de cartos para defendernos non sabe moi ben de quén, e que, pola contra, este é un tema que esixe todos os esforzos.

O voceiro do PP considera que moitos servizos esixen de todos os esforzos posibles, coma a educación, a sanidade ou a dependencia. E a cuantificación económica destas necesidades é difícil, xa que – por moito que se invirta- sempre poderá mellorarse algo en sanidade o en educación, polo que os recursos a empregar nestes sectores serían infinitos.

Pero os recursos non son infinitos e gastar coma se o fosen acabará coa ruína e a pobreza da sociedade e, finalmente, na imposibilidade de prestar estes servizos incluso a nivel básico.

Por iso, os recursos débense gastar de xeito responsable, sen pensar que os recursos son infinitos, e isto obriga a limitar o que se gasta. Tamén nestes servizos.

Pero tanto o PSOE coma o BNG actúan de xeito irresponsable e partidista, e boa proba disto é o caso da Deputación, gobernada por ambos partidos, e que adica unha contía ridícula a estas políticas pese a dispor de cartos e da obriga legal de financiar aos concellos para prestar estes servizos.

Por iso propón que a Deputación multiplique por dez o seu gasto social, para cumprir a legalidade e para achegarse un pouco ao esforzo orzamentario que realiza este concello en materia de servizos sociais.

Rematado o debate, sométese a votación a moción transcrita

Realizada a votación, a moción resulta rexeitada con tres votos a favor correspondentes aos concelleiros dos grupos municipais do PSdG-PSOE e máis do BNG e sete votos en contra.

6.- ROGOS E PREGUNTAS

A instancias do sr. Alcalde, o sr. Secretario dá lectura, a viva voz, do escrito de preguntas presentado polo voceiro do grupo municipal do BNG, con número de rexistro 4330, e do seguinte teor literal:

“ARCADIO LOMBAO ROMÁN, como portavoz do Grupo Municipal do BNG, no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presenta as seguintes preguntas, para a súa resposta por parte da Alcaldía.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Nos últimos tempos, as distintas administracións gobernadas polo Partido Popular téñennos acostumados a que os cidadáns teñamos que poñer cartos de xeito continuado para cubrir os efectos dos xuízos que perden por demandas dos seus administrados.

Exemplos disto son as sentenzas perdidas pola Xunta co persoal dos CELGA e do Consorcio, polos cartos derivados aos colexios privados que marxinan ao alumnado polo seu sexo, ou mesmamente os continuados xuízos que leva perdido este Concello de Outeiro de Rei fronte aos vecinos.

Existen moitas persoas neste momento que o están a pasar moi mal, non dispoñendo dos máis mínimos recursos para a subsistencia diaria, faltando a comida, tendo problemas para poder comprar o material escolar dos seus fillos ou fillas ou vendo como pode morrer esperando a que un médico da Seguridade Social (que por certo leva pagando toda a vida) os atenda como é debido, e todo isto debido aos recortes feitos polo Partido Popular para beneficio de banqueiros e grandes empresarios.

Os xuízos que o Concello de Outeiro de Rei leva perdido por cuestións urbanísticas (urbanización Triacua) é un claro exemplo desta dilapidación de cartos públicos debido a unha nefasta xestión e por tomar decisión sen pensar que os cartos que se xestionan son de todos.

PREGUNTAS:

1. *Cando leva gastados o concello en avogados, procuradores, peritos, costas e/ou demais gastos nestes xuízos antes indicados?*
2. *Canto vai ser o custe para os veciños de Outeiro de Rei a execución destas sentenzas?*
3. *Cando o señor Alcalde ou a Comisión de Goberno que tomou as decisións recorridas van reintegrar ás arcas públicas todos os custes derivados destes xuízos e sentenzas?*

Outeiro de Rei, a 26 de decembro de 2014”.

O Alcalde solicita ao Secretario que responde o dato relativo á contía dos gastos.

O Secretario resposta que, no que atinxe ao RA49, os custes procesais non chegan aos 5000 euros.

Engade, asemade, que nin o Alcalde nin a Comisión de Goberno teñen obriga de reintegrar contía algunha, xa que non concorre nin dolo nin culpa, senón que, na xestión deste concello, a interposición dos recursos deriva do funcionamento ordinario dos servizos públicos.

O Alcalde afirma que cando un concello desenrola calquera actividade, ésta é susceptible de recurso e o concello ten que explicar a súa actuación perante un xuíz, e esta representación letrada ten un custe.

Pero o que aquí o BNG non pretende coñecer o que pregunta, senón inducir á confusión aos veciños.

A continuación, o sr. Secretario dá lectura, a viva voz, do escrito de preguntas presentado polo voceiro do grupo municipal do BNG, con número de rexistro 4331, e do seguinte teor literal:

“ARCADIO LOMBAO ROMÁN, como portavoz do Grupo Municipal do BNG, no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presente as seguintes preguntas, para a súa resposta por parte da Alcaldía,

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O Señor Alcalde de Outeiro de Rei ten por costume mandar cada certo tempo a cada casa do Concello un pasquín, chamado “revista de información municipal”, editado a todo color co relato dunha xestión municipal “idílica” e de “conto de fadas” e onde se agachan de xeito descarado os problemas que atenzan á poboación de Outeiro de Rei, como poden ser o desemprego, a marcha da nosa mocidade, a corrupción, os desastres urbanísticas, a mala calidade dos servizos municipais, a falta de planificación de futuro para o Concello, etc.

Nuns tempos como estes, onde hai tanta xente sufrindo por non ter o máis mínimo para levar unha vida digna, a dilapidación de cartos públicos co único obxectivo de “chufar” unha inexistente xestión e de facer propaganda a un responsábel político e a un partido que son precisamente os culpábeis dese sufrimento, é completamente inaceptábel e representan unhas prácticas que deben ser desterradas.

PREGUNTAS:

1. *De onde saen os cartos para pagar a redacción, edición, impresión e distribución do panfleto chamado “Outeiro de Rei, Revista de Información Municipal” e que o Concello manda a todos os domicilios cada certo tempo?*
2. *No caso en que este panfleto sexa pagado con cartos públicos:*
 - a) *A canto ascende o custe de todos os traballos relatados na primeira pregunta e relacionados co envío desta “publicación”?*
 - b) *Cando o Partido Popular ou o señor Alcalde van reintegrar ás arcas públicas todos os cartos gastados nestas publicacións nos últimos anos?*

Outeiro de Rei, a 26 de decembro de 2.014”.

Esta contía é de 2000 euros aproximadamente, que se pagan con cargo aos fondos do concello xa que é unha revista municipal, non do Partido Popular. Por iso os concelleiros non teñen que reembolsar nada.

Por outra banda, o que se publica na revista é estrictamente certo e obxectivo, e se lles parece idílico ou maravilloso tanto mellor, xa que sendo certo todo o que alí se publica, están calificando como idílica a nosa xestión.

Outra cousa é se á oposición quere ou non que se publique información relativa ao que fai o concello. Ao equipo de goberno parécelle ben publicar o que fai o concello, xa que iso é transparencia. Por iso mesmo se graba este pleno, por poñer un exemplo.

Finalmente, o sr. Secretario dá lectura, a viva voz, do escrito de preguntas presentado polo voceiro do grupo municipal do BNG, con número de rexistro 4332, e do seguinte teor literal:

“ARCADIO LOMBAO ROMAN, como portavoz do Grupo Municipal do BNG, no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presenta as seguintes preguntas, para a súa resposta por parte da Alcaldía,

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A xestión de todo o relacionado co urbanismo o Concello é unha cuestión que preocupa grandemente a todos os veciños e veciñas de Outeiro de Rei, dado que os impostos que pagamos cada vez son maiores e os prezos dos servizos tamén.

PREGUNTAS:

- Ten o Concello iniciado algunha acción legal para lograr a titularidade das rúas da urbanización Triaqua, agora propiedade dunha empresa privada'.

Outeiro de Rei, a 26 de decembro de 2.014”.

O Secretario, a instancias do Alcalde, resposta que a titularidade do vial se atopa en litispendencia, concretamente atópase en apelación ante a Audiencia Provincial.

O Alcalde resposta que a situación do RA-49 é o reflexo da xestión económica do anterior goberno socialista, que avocou á quebra a moitísimas empresas deixando problemas coma o que o Concello viño a resolver.

Neste caso concreto, o Concello considera que unha finca que está rexistrada coma zona verde e espacias libres e que legalmente transmitíuse ao concello coa reparcelación, ten que figurar no rexistro da propiedade claramente coma de titularidade municipal.

E non habendo máis asuntos a tratar, levántase a sesión, sendo as catorce horas e vinte minutos, da que eu, Secretario, estendo a presente acta co visto e praxe do Alcalde.

O Secretario

VºBº O Alcalde